

ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL, E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 27 DE MAIO DE 2007.

No salón de actos da Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos, do día 16 de xuño de dous mil sete, para dar cumprimento ó disposto polos artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e a elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día vinteseite de maio de 2007, que son os seguintes:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Manuel Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, D^a. Maria Dolores Meitin Guerreiro, D. Modesto Ben Fernández, D. Xosé Durán Cao, D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Basanta, e D. Jesús Casabella Lage, asistidos polo infraescrito Secretario da Corporación D. Luís Maria Fernández del Olmo, o que fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o art. 7 do citado Regulamento, como trámite previo legal para este acto.

FORMACIÓN DE MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACION DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE.

Seguidamente procedeuse a forma-la Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes, D. Xosé Durán Cao, que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes, D. Jesús Casabella Lage, e actuando como Secretario da mesma o que o é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, pola mesma procédese a comproba-las credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos arts. 195.4 da mencionada Lei Orgánica e 37.4 do referido Regulamento, por dita Mesa declárase constituída a Corporación, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros asistentes, segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (B. O. do Estado do día 6) formulado xuramento ou promesa a totalidade dos candidatos electos, asistentes á sesión, procedéndose acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

<i>NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS</i>	<i>LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTAN INTEGRADOS</i>
D. José Demetrio Salgueiro Rapa	PARTIDO POPULAR
D. Jaime Pernas Rodriguez	AVEXO
D. Modesto Ben Fernandez	P.S. de G. -PSOE
D. Xose Duran Cao	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

ELECCIÓN DE ALCALDE.

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da varias veces citada Lei Orgánica 5/1985,procédese á Elección de Alcalde, iniciándose a votación, de acordo co que establece o art.102 do xa mencionado Regulamento, para elixilo de entre os candidatos proclamados a dito cargo, obténdose o seguinte resultado:

- D. José Demetrio Salgueiro Rapa, **cinco votos**, dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Manuel Balseiro Canoura, D^a. Ana Maria Abad López, D. José Manuel González Álvarez, e D^a. Maria Dolores Meitin Guerreiro.
- D. Jaime Pernas Rodríguez, **catro votos**, dos Sres. D. Jaime Pernas Rodríguez, D. Secundino Vázquez Fra, D. Javier Fernández Lasanta, e D. Jesús Casabella Lage.
- D. Modesto Ben Fernández, **un voto**, do Sr. D. Modesto Ben Fernández.
- D. Xosé Durán Cao, manifesta á súa intención de retirar a súa candidatura, absténdose de votar.

Como quera que ningún dos candidatos ten obtido a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, por aplicación do disposto no art. 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral; resulta proclamado Alcalde do Concello de Xove, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, cabeza de lista da candidatura do Partido Popular, que consonte a documentación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo, foi a candidatura que obtivo maior número de votos populares nas eleccións locais celebradas o pasado 27 de maio.

Inmediatamente o Sr. Concelleiro que resultou elixido Alcalde do Concello de Xove, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, integrado na Lista ou Candidatura do Partido Popular, procede á xura do cargo coa fórmula sinalada no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, tomando posesión do seu cargo neste mesmo acto, e pasando a ocupa-la Presidencia da sesión.

Obra no expediente a acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de tódolos documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da Corporación, depositados na Caixa municipal e en Entidades bancarias, en relación co Inventario de Bens Municipais, dáse lectura á certificación remitida pola mercantil adxudicataria dos traballos de elaboración “ex – novo” do inventario de bens e dereitos do Concello de Xove, na que se comunica a súa presentación nas próximas semanas, os efectos da iniciación do trámite administrativo tendente á súa aprobación.

A acta de arqueo anteriormente citada, é lida pola Interventora Municipal, transcribíndose a seguir o seu contido:

ACTA DE ARQUEO

EN VALORES	
Existencias en Caixa Valores	186.157,26- Euros
TOTAL.....	186.157,26.- Euros

EN METÁLICO		
EN CAIXA DA CORPORACIÓN		1.298,10.-Euros
EN CONTAS OPERATIVAS		
57101 - Banco Pastor	C/C: 0072-0231-45-0000100036	135.514,88.-Euros
57102 - Caixa Galicia	C/C: 2091-0168-71-3110000017	139.355,97.-Euros
57103 - B.C.L.	C/C: 1004-8064-75-0200270294	140.973,10.-Euros

57104 - Caixa Galicia	C/C: 2091-0168-77-3110000035	23.950,23.-Euros
57105 - Caixanova	C/C: 2080-0509-63-0040100064	6.024,24.-Euros
57106 - Caixa Galicia	C/C: 2091-0168-74-3100000019	0,00.-Euros
57108 - Banco Pastor	C/C: 0072-0231-49-0000101748	0,00.-Euros
57109 - Caixa Galicia	C/C: 2091-0168-71-3040004980	0,00.-Euros
EN CONTAS DE RECADACIÓN		
57301 - Banco Pastor	C/C: 0072-0231-42-0000101297	2.066,64.-Euros
EN CONTAS FINANCEIRAS		
57701 - Caixanova	C/C: 2080-0509-38-0010003899	150.000,00.-Euros
57702 - B.C.L.E.	C/C: 1004-8064-73-0200271365	0,00.-Euros
57703 - Banco Pastor	C/C: 0072-0231-48-0000301950	300.000,00.-Euros
57704 - Banco Pastor	C/C: 0072-0231-42-0000302030	750.000,00.-Euros
57705 - Caixa Galicia	C/C: 2091-0168-71-3810005524	750.000,00.-Euros
TOTAL.....		2.399.183,16.-Euros

A seguir, polo Sr. Alcalde Presidente, manifestase que o seu grupo de Goberno ofrece traballo e transparencia, sinalando que se intentará que tódolos asuntos de interés para o Concello de Xove, obteñan o consenso dos grupos municipais.

Polo Sr. Pernas Rodríguez, manifestase que o seu grupo ofrece a súa sincera colaboración para sacar a diante tódolos asuntos que sexan de interés para os veciños de Xove, e engadindo que naqueles asuntos nos que non estén de acordo, o seu grupo fará unha oposición rigurosa.

Remata a súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez, felicitando o novo Alcalde, e desexándolle sorte no exercicio do seu cargo.

Polo Sr. Durán Cao, manifestase que o BNG coma sempre garante á tódolos veciños a realización dunha oposición seria e responsable na defensa dos intereses municipais.

Polo Sr. Ben Fernández, manifestase igualmente a súa intención de exercer-lo seu labor de concelleiro da oposición, con dedicación, traballo, rigor, transparencia e espírito constructivo.

E sen mais asuntos levántase a sesión sendo as once horas e quince minutos, e estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, conmigo o Secretario, de todo o que dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,